



## CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 25 de setembro conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, realizárase proximamente neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Instituto.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O Director ou directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un alumno ou alumna.
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os catro últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo día **30 de outubro, ás 11:10 horas.**

**As funcións de ditos membros serán as seguintes:**

- a) Aprobar e publica-los censos electorais, que deberán reflexar, en todo caso, nome apelidos dos electores
- b) Concreta-lo calendario electoral, de acordo co establecido no artigo 29º do presente Regulamento.
- c) Ordena-lo proceso electoral.
- d) Admitir e proclamar candidaturas.
- e) Promove-la constitución das distintas mesas electorais.
- f) Resolve-las reclamacións presentadas contra as resolucións das mesas electorais
- g) Proclama-los candidatos elixidos e remítiles correspondentes actas á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.☐

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

O director do centro,

Asdo.: Héber Jaime García Fernández



IES MESTRE LANDÍN Marín	
ENTRADA Nº.	Data
SAIDA Nº. 180	22-10-2018